

PARTICIPACIÓN

Para poder participar nestas tres actividades (English Adventure Camp, Actividades de Iniciación á Vela e Xornada Multiaventura) é necesario a realización dunha preinscripción. Unha vez confirmada a praza por parte da Concellería de Xuventude, haberá que realizar a inscrición.

1.- PREINSCRICIÓN

Para poder participar nas actividades débese entregar o impreso correspondente, debidamente cuberto.

LUGAR: Os impresos presentaranse no Rexistro Auxiliar do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, (Rúa de Frei Rosendo Salvado, nº 14-16) ou no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende).

DATAS: Do 26 de maio ao 27 de xuño.

HORARIO: en días laborables de 9 a 14 horas.

As prazas serán cubertas por rigorosa orde de preinscripción.

2.- INSCRICIÓN

Unha vez confirmada a praza polo Departamento de Xuventude, informarase aos participantes sobre o procedemento para formalizar a inscrición.

OUTRAS ACTIVIDADES

TALLER DE CÓCTELES SEN ALCOHOL

DESCRICIÓN:

Nesta actividade atoparás un lugar para aprender e experimentar cos diversos ingredientes que se poden empregar á hora de facer un cóctel. Trátase de aprender a facer bebidas orixinais e refrescantes de cara ao verán fomentando un consumo saudable ao tratarse de bebidas sen alcohol.

DATAS DE REALIZACIÓN: Xoves , 17 de xullo

HORARIO: de 19 a 21:30 h

LUGAR: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

DESTINATARIOS: mozos e mozas, a partir de 16 anos

PREZO: 10 €

TALLER DE REALIZACIÓN DE ÁLBUMS FOTOGRÁFICOS COA TÉCNICA DO SCRAPBOOKING

DESCRICIÓN:

O taller, consistirá na confección dun álbum fotográfico no que plasmar os teus recordos de forma original e creativa utilizando a técnica do scrapbooking e utilizando diversos materiais como selos, papeis, telas, pegatinas, troqueis, etc.

DATAS DE REALIZACIÓN: 22 e 23 de xullo

HORARIO: de 17:30 a 20:30 h

DURACIÓN: 6 horas

LUGAR: Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche

DESTINATARIOS: mozos e mozas, a partir de 14 anos

PREZO: De balde. Nesta actividade proporcionarase parte do material. O material que debe aportar o participante comunicaráselle no momento da súa admisión.

Para participar nestas actividades formativas é necesaria unha inscrición previa a realizar no:

Departamento de Xuventude
Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche
Frei Rosendo Salvado, 14-16 Baixo
Santiago de Compostela
Tel.: 981 543 001 Fax: 981 543 002
dptoxuventude@santiagodecompostela.org



DATOS TÉCNICOS:

DESCRIPCIÓN:

A Concellería de Xuventude do Concello de Santiago organiza unha serie de actividades para o tempo libre e o lecer, no período das vacacións de verán que contén varias opcións coas que se pretenden dar resposta aos intereses da mocidade do Concello.

O programa proposto consiste nunha serie de actividades de turismo activo, deporte de aventura e talleres, especialmente pensados para a xuventude de Compostela.

O deporte de aventura é unha nova forma deportiva que pon á persoa en contacto directo coa natureza. Coa motivación do traballo en equipo e a superación de metas, o participante ten que poñer en funcionamento unha serie de destrezas e cualidades físicas e especialmente relacionais xa que pasa a formar parte dun grupo de iguais cos que compartirá unha serie de experiencias de grande intensidade.

O traballo en equipo adquire pois grande importancia, como o coñecemento técnico necesario para a realización de cada unha das disciplinas que se inclúen nesta proposta, motivo polo cal a formación pasa a ser unha ferramenta de traballo máis coas persoas participantes, que terán que adquirir unha serie de nocións técnicas previas á propia realización da actividade para o que se conta con profesionais especializados nas diferentes actividades.

Por outra parte trátase de poñer en contacto ao grupo coa natureza, e máis nesta época de vacacións, tratando de vencer os obstáculos presentados polos elementos naturais como o auga ou a montaña. Nesas prácticas a persoa tende a valorar máis o medio ambiente tomando conciencia da importancia da súa protección e conservación.

Ademáis propóñense dúas actividades formativas a desenvolver na cidade, tamén cunha temática que pode vincularse a este período estival.

OBJECTIVOS:

- Constituír unha iniciativa de ocio alternativo
- Fomentar a práctica deportiva e a adquisición de hábitos saudables
- Crear un punto de encontro no que compartir intereses comúns
- Promover a información, concienciación e sensibilización da poboación sobre o medio natural
- Contribuír ao espírito da convivencia e solidariedade

DESTINATARIOS:

Poderán participar en todas as actividades os mozos e mozas empadroados no Concello de Santiago e que teñan entre 14 e 30 anos (cada actividade leva especificada a idade dos participantes). No caso de quedaren prazas dispoñibles atenderemos outras solicitudes.

ENGLISH ADVENTURE CAMP

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

- Actividades Deportivas:
 - Kaiak
 - Paddelboard
 - BTT
 - Xeocaching
 - Rápel
 - Sendeirismo
- Actividades de tempo libre
 - Catamarán
 - Aqua Jump (Cama elástica acuática)
 - Piscina
 - Praia Fluvial
 - Excursión Ribeira Sacra
 - Museo Xeolóxico
 - Museo Etnográfico
- Actividades de Inglés
 - Lip-Dub
 - Playing: Xogos en inglés
 - Speaking: Coloquios en inglés con invitados
 - Daily: Dramatización de situacións da vida real

DATA DE REALIZACIÓN: Do 13 ao 20 de xullo
LUGAR: Quiroga (Ribeira Sacra). Albergue de Quiroga
DESTINATARIOS: rapaces e rapazas de 14 a 18 anos
NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES: 35 persoas
PREZO: 120 €

ACTIVIDADE INICIACIÓN Á VELA. 3 DÍAS A BORDO

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

DÍA DA RÍA

Navegación polo golfo Ártabro
Recorrido en Kaiak polas Fragas do Eume
Desembarco na praia para observación astronómica

DÍA DO OCÉANO

Navegación pola ría de Ferrol con atraque no porto pesquero de Mugaros e comida na praia ou fondeo entre os castelos.
Ruta de paseo en bicicleta eléctrica Mugaros-Castelo da Palma-Chanteiro-Ares
Festa nocturna

DÍA DA REGATA ENTRE VELEIROS

Regata entre veleiros
Fondeo e barbacoa a bordo de despedida
Snorkel

DATA DE REALIZACIÓN: 21, 22 e 23 de xullo
LUGAR: Rías da Coruña, Ferrol, Ares e Betanzos
DESTINATARIOS: rapaces e rapazas de 16 a 25 anos
NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES: 12 persoas
PREZO: 89 €



XORNADA MULTI-AVENTURA

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

- Rafting
 - Tiro con Arco
 - Tirolina
 - Mini Paintball
 - Escalada
- (Inclúe o xantar)

DATA DE REALIZACIÓN: 29 de xullo
LUGAR: Carcajía
HORARIO: De 10 a 20 h.
DESTINATARIOS: rapaces e rapazas de 14 a 30 anos
NÚMERO MÁXIMO DE PARTICIPANTES: 15 persoas
PREZO: 10 €